



Concello de Campo Lameiro

NORMATIVA ENTROIDO 2026

COMPARSAS CONVIDADAS

As comparsas coa intención de que amenicen o desfile, ao igual que anos anteriores, veñen convidadas.

E son as seguintes:

- Os Paparrulos de Marín
 - Os Solfamidas de Campo Lameiro
 - Os da Caña de Marín
 - As Sonecas de Campelo
 - Os Canecos de Poio
 - As Flores do Carnaval de Monteporreiro
 - Os 100 tolos de Campelo
 - Os Miúdos de Arcade
 - Alegría de Bora
 - Os rapaces de Marín
- Un premio especial veciños de Campo Lameiro con 230€ para grupo de mínimo 10 persoas, que terán que estar o 80% do grupo empadroados no concello e outro con 70€ para individual de 1, 2 ou 3 persoas que tamén terán que estar empadroados no concello.
- Un premio especial xurado con 200,00 € (se o considera oportuno o xurado será entregado, senón quedará para reintegrar na contabilidade do concello).

GRUPO ADULTOS

- Compoñentes: Mínimo 10 persoas, maiores de 16 anos (a gran maioría, aínda que poden levar algúns rapaces para completar o número de participantes). No caso de que a agrupación estea formada maioritariamente por nenos/as, os grupos consideraranse grupos de nenos en lugar de grupo de adultos.
- Interpretación: Consideraranse como grupo aquelas agrupacións que non interpreten música propia en vivo e en directo, cos seus propios músicos e instrumentos. Poderán levar calquera tipo de gravación, equipos musicais e equipos de sons adicionais...
- Tamén se consideran como grupos de adultos aquelas agrupacións que, aínda levando música interpretada en vivo e en directo por compoñentes de agrupación e cos seus instrumentos, non cumpran os requisitos establecidos para consideralos dentro doutra categoría.





Concello de Campo Lameiro

VALORARASE:

- EQUIPAMENTO E VESTIARIO de tódolos compoñentes.
- ORIXINALIDADE E LABORIOSIDADE na elaboración de vestiario, carrozas.
- Nº DE COMPOÑENTES.
- PARTICIPACIÓN, INTERPRETACIÓN, ANIMACIÓN, ELABORACIÓN en todo o desfile (Ata o remate).

GRUPO NENOS

- Compoñentes: Mínimo 10 nenos/as (a gran maioría. Aínda que poden levar algúns adultos para completar o número de participantes). No caso de que a agrupación estea formada maioritariamente por adultos, os grupos consideraranse grupos de adultos en lugar de grupo de nenos. Poderán ir acompañados de algúns adultos sempre e cando non superen en número ós rapaces.
- Idades: entre os 0 e os 16 anos.

VALORARASE:

- EQUIPAMENTO E VESTIARIO de tódolos compoñentes.
- ORIXINALIDADE, LABORIOSIDADE na elaboración do vestiario, carrozas, etc.
- NÚMERO DE COMPOÑENTES.
- PARTICIPACIÓN, INTERPRETACIÓN, ANIMACIÓN, COLABORACIÓN ó longo de todo o desfile.

INDIVIDUAIS ADULTOS

- Compoñentes: 1,2 ,3 ou 4 membros.
- Idades: maiores de 16 anos.

Poderán inscribirse nesta categoría todos aqueles que acudan disfrazados en solitario, parellas ou incluso tríos, se, en todo caso, como un único disface.

- No caso de ser 2 os compoñentes, un como mínimo debe ser adulto.
- No caso de ser 3 ou 4 compoñentes, dous deles como mínimo deben ser adultos.

VALORARASE:

- EQUIPAMENTO E VESTIARIO.
- ORIXINALIDADE E LABORIOSIDADE na elaboración do vestiario.
- PARTICIPACIÓN, INTERPRETACIÓN, ANIMACIÓN, COLABORACIÓN ó longo de todo o desfile.

INDIVIDUAIS NENOS

- Compoñentes: 1,2 ,3 ou 4 membros.





Concello de Campo Lameiro

- Idades: entre 0 e 16 anos.

Poderán inscribirse nesta categoría todos aqueles que acudan disfrazados en solitario, parellas ou incluso tríos, considerándose en todo caso como un único disface.

- No caso de 2 os compoñentes, deben ser os dous nenos.
- No caso de ser 3 ou compoñentes, dous deles como mínimo deben ser nenos e poden ir acompañados por un adulto, persoa sempre serán considerados na clasificación de individuais nenos.

VALORARASE:

- EQUIPAMENTO E VESTIARIO.
- ORIXINALIDADE, LABORIOSIDADE na elaboración do vestiario.
- PARTICIPACIÓN, INTERPRETACIÓN, ANIMACIÓN, COLABORACIÓN ó longo do desfile.

NORMATIVA XERAL

A organización coordinará no nome do Concello de Campo Lameiro as inscricións, a saída, o desenvolvemento, o final do desfile, o concurso e a entrega de premios.

As normas do Entroido están expostas ó público nas Oficinas do Concello onde se poden consultar e retirar unha copia si se solicita.

As inscricións faranse, como xa se indica no cartel, nas Oficinas do Concello ou a través da sede electrónica dende o 9 de febreiro ó 26 de febreiro de 2026. As inscricións serán feitas polos mesmos participantes ou por alguén que os represente, en calquera caso deberán acreditar a identificación; pois na ficha tamén aparecerá reflectido o nome e datos das persoas que fagan as inscricións.

Unha vez feita a inscrición, farase a entrega das normas e dos dorsais, nos que aparecerá o TÍTULO dos disfraces e un número correspondente a cada categoría. Estes dorsais deben ir colocados de xeito que sexan VISIBLES, ben identificativos para o público e para que o xurado poida valoralos e clasificalos.

Precísase da colaboración de tódolos participantes para que ningún cause atrancos, nin moleste a outro compoñente da mesma agrupación nin doutra, nin ó público, nin á organización...

En caso de producirse algún acto de mala fe, confrontación, malestar, entorpecemento, etc... o xurado reservase o dereito de poder cambiar de clasificación, ou mesmo descalificar a algún (s) compoñente (s); podendo reflectir a decisión en toda a agrupación si se considera oportuno e beneficioso para o desenvolvemento do desfile e posteriormente para o concurso, valorando se cumpre ou non a normativa vixente establecida.

O xurado tamén se reserva o dereito de ter que facer algún cambio ou variación sen previo aviso, que se considere en beneficio para o transcurso do desfile e o concurso.





Concello de Campo Lameiro

A responsabilidade é compromiso de todos, para participar no desfile hai que facelo en todo o percorrido, dende o principio ata o remate, cumprindo e respectando as normas.

No caso de participar, dáse por feito de que se aceptan as normas establecidas, que se lle entregarán xunto coas inscricións, e que se comprometen a cumprilas e a respectalas.

Os premios do concurso entregaranse ó remate do desfile, na Casa do Concello, despois de que o xurado se retire o tempo necesario para deliberar.

Unha vez aceptadas as conclusións consensuadas, o xurado notificarao públicamente por megafonía, cun máximo de 3 AVISOS na Casa do Concello nomeando ós agraciados e ós descalificados se os houbese.

As decisións do xurado son inapelables.

Os premiados, unha vez escoitadas as súas nomeacións acudirán á recollida dos premios na Casa do Concello, co disfraz e o dorsal ou dorsais en cuestión.

No caso de non estar presentes para non acudir a recolle-lo premio, pódeno recoller algún representante, presentando as credencias identificativos pertinentes (DNI...) e o dorsal onde se amosa o título e o nome do premiado.

No caso de entrega de premios a comparsas, grupos...; Os premiados deben acudir a retira-lo premio con alomenos un dos traxes empregados durante o desfile.

Na entrega de premios a nenos/as é preciso que vaian sempre acompañados por un adulto para que despois de identificarse (DNI), asinen e se responsabilicen da entrega dos premios.

No caso de que nalgún premio outorgado non exista ningún interesado ou representante que poida recolle-lo. Dito(s) premio(s) quedará(n) DESERTO(S), SEN POSIBLES RECLAMACIÓNS POSTERIORES.

SER XURADO NON É DOADO, só pode ser cousa duns poucos e os participantes son moitos.

As decisións son moi difíciles de tomar e non sempre van a gusto de todos, RESPETÉMOLAS.

É unha mágoa que non poida haber premios para todos os participantes, pero o máis importante é participar e divertirse con respecto:

O alcalde/ Carlos Costa Domínguez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

ISTO ESTÁ NAS MANS DE TODOS

¡¡ ANÍMATE E PARTICIPA!!

